

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DA POBRA DO CARAMIÑAL
CURSO: 1º ESO
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 5/5/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.
B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.
B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.
B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.
B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.
B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas,	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes

e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	históricas. XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.
B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
B3.6. Entender o proceso de hominización.	XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.
B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática do traballo diario das alumnas e alumnos. - Realización de probas obxectivas. - Proposta de traballos individuais de investigación sobre diversos temas. - Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial (a partir do 13 de marzo de 2020), tanto de ampliación da materia de Xeografía e Historia -avance na programación, con temas novos- como aquelas relacionadas co repaso e/ou recuperación da materia impartida.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libro da profesora onde se tomaron as notas convenientes acerca do traballo diario ata o 13 de marzo de 2020. - Exames e controis periódicos, relacionados coa materia impartida, avaliados a través das súas correspondentes rúbricas de corrección, dos que se anotaron os resultados obtidos e a súa evolución individual e de grupo. Tamén se conta cos resultados dos exames de recuperación da 1ª avaliación, realizados no mes de xaneiro. - Anotacións con respecto ao control dos cadernos ou arquivadores das alumnas e alumnos. - Anotacións con respecto aos traballos individuais de investigación propostos. - Aula virtual do instituto. - Correo electrónico co dominio do instituto. - <i>Feedback</i> das tarefas ou probas propostas a través da plataforma Google Classroom.
Cualificación final	<p>A cualificación final obterase, para as alumnas e alumnos coa 1ª e a 2ª avaliación aprobadas (isto é, cun resultado numérico de 5 ou >5) do seguinte xeito: nota media de ambas as recuperacións que será redondeada á alza en positivo para aquelas persoas cun 50 % ou menos das actividades propostas dende o 13 de marzo de 2020 entregadas; a cualificación poderá ser de ata un punto superior ó resultado obtido só pola media con máis do 50 % das tarefas propostas entregadas.</p> <p><u>Exemplo:</u> unha rapaza ten un 6 na 1ª avaliación e un 5 na 2ª. A súa cualificación será dun 5 (nota media calculada á baixa) se non entregou apenas actividades durante o confinamento, será dun 6 se entregou ata a metade desas actividades (nota media calculada á alza), ou un 7 se entregou máis do 50 % das actividades propostas (nota media calculada á alza máis un punto).</p> <p>Para aquelas alumnas e alumnos con algunha avaliación pendente (ben a 1ª, ben a 2ª), propoñeráselle un traballo de recuperación desa parte. Con respecto a ese traballo de recuperación, a persoa deberá confirmar a súa recepción a través dos medios telemáticos dos que se dispón (correo electrónico ou Google Classroom), e contará cunha data de entrega concreta. Recibirá o apoio necesario por parte da profesora no caso de que lle xurdan dúbidas durante a súa elaboración a través dos citados medios e tamén de videoconferencia, ferramenta prestada por Meet dentro da plataforma de ensino de Google Classroom. Estas alumnas e</p>

	<p>alumnos recibirán indicación de que se centren na elaboración deste material de recuperación, e poderán obviar as posibles actividades propostas relacionadas con materia nova impartida tras a data de recepción dese traballo de recuperación. Este traballo de recuperación supoñerá a posibilidade de aprobar a materia sempre que se entregue no prazo acordado e ben elaborado (a súa cualificación estará baseada nunha rúbrica de corrección). Se a alumna ou alumno recupera esa avaliación, a súa cualificación final será a media de ambos trimestres (a xa aprobada con anterioridade e a recuperada a través do traballo cualificado do 1 ó 10). Se ademais consegue manter certo contacto co material novo, entregando parte ou o total das tarefas propostas para as súas compañeiras e compañeiros relativas a materia impartida dende o 13 de marzo, poderá acadar ata un punto máis do resultante desa media. Se a alumna ou alumno non entrega o traballo de recuperación, ou a súa cualificación é <5, procederase a realizar a media das dúas avaliacións e o resultado determinará a súa nota final do curso.</p> <p><u>Exemplo:</u> unha alumna ten un 6 na 1ª avaliación e un 3 na segunda. O seu traballo de recuperación centrarase nos contidos da 2ª avaliación. Entrégao na data fixada e cualifícase cun 5. A súa cualificación final será de 5 (media calculada á baixa) se non entrega nada máis, ou de 6 ou 7 (media calculada á alza ou media calculada á alza máis un punto) se consegue manter o ritmo de entrega do resto de tarefas. Na mesma casuística de partida, esa alumna suspende o traballo de recuperación cun 2: a súa cualificación final será a media da avaliación aprobada e desa cualificación do traballo de recuperación (6+2=8; media: 4).</p> <p>Para aquelas alumnas e alumnos coas dúas avaliacións suspensas, propoñeráselle un traballo de recuperación máis amplo, con contidos baseados nos contidos impartidos e nos criterios e estándares de aprendizaxe fixados nesta modificación. Con respecto a ese traballo de recuperación, a persoa deberá confirmar a súa recepción a través dos medios telemáticos dos que se dispón (correo electrónico ou Google Classroom), e contará cunha data de entrega concreta. Recibirá o apoio necesario por parte da profesora no caso de que lle xurdan dúbidas durante a súa elaboración a través dos citados medios e tamén de videoconferencia, ferramenta prestada por Meet dentro da plataforma de ensino de Google Classroom. Estas alumnas e alumnos recibirán indicación de que se centren na elaboración deste material de recuperación, obviando totalmente as posibles actividades propostas relacionadas con materia nova impartida tras a data de recepción dese traballo de recuperación. Este traballo de recuperación contará con dúas partes diferenciadas (1ª e 2ª avaliacións), e supoñerá a posibilidade de aprobar a materia sempre que se entregue no prazo acordado e ben elaborado (a súa cualificación estará baseada nunha rúbrica de corrección). Se a alumna ou alumno obtén nese traballo de recuperación, cualificado do 1 ó 10, unha nota igual ou superior ó 5 (resultado da media das dúas partes dese traballo [e non se tomará en consideración para a media unha cualificación parcial inferior a 3]), considerarase que ten a materia aprobada. Se a alumna ou alumno non entrega o traballo de recuperación, ou a súa cualificación é <5, as cualificacións por avaliación coas que xa se contaba serán obxecto de media na cualificación final do curso, ou serán o resultado acadado no traballo de recuperación, se foi</p>
--	--

	<p>entregado.</p> <p><u>Exemplo:</u> unha alumna ten un 3 na 1ª avaliación e un 4 na 2ª.</p> <p>Posibilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non entrega o traballo. A súa cualificación final será de 3 (media calculada á baixa de 3+4, notas que xa existían). - Entrega o traballo, pero na parte correspondente á 1ª avaliación ten un 2 e na da 2ª avaliación ten un 7. Non se considera que estea recuperada, pois a 1ª parte non entraría no cálculo da cualificación do traballo por ser inferior a 3. A súa cualificación final será de 3 ($7 \div 2$, á baixa). - Entrega o traballo, ten un 4 na primeira parte e un 7 na segunda parte. O traballo será cualificado cun 5 ($7+4 \div 2$, media calculada á baixa das dúas partes) e polo tanto ten a materia aprobada cun 5 na avaliación final.
Proba extraordinaria de setembro	Na proba extraordinaria de setembro, os contidos reduciranse a aqueles impartidos na aula con anterioridade ao 13 de marzo de 2020, cuxos criterios e estándares se recollen nesta programación.
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación: NON PROCEDE
	Criterios de cualificación: NON PROCEDE
	Procedementos e instrumentos de avaliación: NON PROCEDE

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p><u>Actividades de recuperación:</u> boletín de exercicios estruturados por contidos impartidos na 1ª ou 2ª avalacións, relacionados cos criterios e estándares recollidos neste documento de modificación da programación didáctica. Gran parte deles extraírense de exames realizados na aula, exercicios propostos na clase ó longo do curso e material de apoio de diversas editoriais.</p> <p><u>Actividades de repaso:</u> propostas a través da aula virtual do instituto, do correo electrónico ou da plataforma Google Classroom ata mediados de abril de 2020. Isto supón que durante o 1º mes sen aulas presenciais as actividades e tarefas propostas se centraron no reforzo dos contidos impartidos ata o 13 de marzo de 2020.</p> <p><u>Actividades de reforzo:</u> á demanda do alumnado interesado nel, algunhas das tarefas propostas a través dos medios citados no parágrafo anterior, considéranse de entrega voluntaria.</p> <p><u>Actividades de ampliación:</u> baseadas en podcast, vídeos, apuntes e outro material que a profesora teña en consideración, impleméntanse na Google Classroom dende mediados do mes de marzo de 2020, para tratar os contidos de Prehistoria pendentes (Neolítico, Idade dos Metais, megalitismo en Galicia), primeiras civilizacións e Idade Antiga (Grecia e Roma) que non foran iniciados durante as clases presenciais. Adáptanse as metodoloxías e redúcese o grao de consecución dos obxectivos fixado na programación didáctica creada a principio de curso; o obxectivo é aportarlles un coñecemento básico acerca destes temas a través dun sistema de autoaprendizaxe mediante recursos axeitados ás circunstancias de confinamento das alumnas e alumnos e da profesora. Considérase insubstituíble a didáctica habitual de clases presenciais para a impartición de determinadas cuestións, que serán obviadas (traballos en grupo, por exemplo) e adáptanse buscando que a alumna ou alumno poida realizar pequenas buscas a través da rede, aproveitar o material audiovisual dispoñible ou lendo artigos de prensa e revistas ó respecto. O método de aula maxistral vese limitado á chegada de material gravado pola profesora e posto a disposición do alumnado, tendo en conta a case total ausencia de <i>feedback</i> ou de detección de dúbidas de xeito instantáneo pola situación na que nos atopamos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Lévase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Entendemos que, tras a Semana Santa, estas necesidades están cubertas.</p> <p>Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación se centran nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo, aula virtual da páxina web do centro e Google Classroom.</p>

<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apuntes elaborados pola profesora. - Audios e vídeos elaborados pola profesora. - Material audiovisual adaptado ó nivel educativo dispoñible na rede de xeito gratuíto (nunca baixo subscripción). - Artigos de prensa e revistas axeitados ó nivel educativo. - Actividades e tarefas relacionados cos apuntes, vídeos e material escrito citados anteriormente, elaborados pola profesora e de dúas índoles: traballo de obrigada entrega e traballo voluntario de ampliación/reforzo. - Boletín de recuperación para o alumnado con avaliación(s) pendente(s), elaborado a partir de exames realizados na aula, exercicios propostos na clase ó longo do curso e material de apoio de diversas editoriais. - Videoconferencias a través da plataforma Meet, para a resolución de dúbidas.
------------------------------------	--

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto coas alumnas e alumnos realízase, preferentemente, a través do correo electrónico, a aula virtual e a plataforma Google Classroom.</p> <p>O contacto coas familias lévase a cabo a través do teléfono, mediante chamadas, e AbalarMóbil. Tamén existe unha coordinación coas profesoras e profesores que exercen a titoría dos grupos para o control do traballo do alumnado.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

CENTRO: IES DA POBRA DO CARAMIÑAL
CURSO: 3º ESO
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 5/5/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite	XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos de mapas temáticos
B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte e os do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.	XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.
B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos	XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.
B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.	XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealeira, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.
B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.	Procura información sobre a a pesca e o marisqueo na área do Barbanza.
B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.	XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.	Compara a pegada de carbono de distintos medios de transporte e a súa relación co comercio internacional. Analiza pros e contras de cada un dos medios de transporte.
B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.	XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade. XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.
B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.	Compara mapas diacrónicos coa evolución do consumo e do comercio interno e externo. Analiza realidades arredadas no espazo a través de medios audiovisuais (documentais de produción de

	<p>roupa en países subdesenvolvidos a causa da deslocalización).</p> <p>XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.</p>
<p>Usar de xeito adecuado conceptos básicos relacionados coa política e a economía mundiais.</p>	<p>Distingue réximes democráticos e ditatoriais; repúblicas e monarquías, estado do benestar, PIB, balanza comercial, axentes económicos, fases do proceso económico, globalización, etc. e é quen de identificar as características de cada unha destas cuestións en extractos de prensa ou gráficos básicos.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática do traballo diario das alumnas e alumnos. - Realización de probas obxectivas. - Proposta de traballos individuais e de grupo, de investigación sobre diversos temas, ou de exposición na aula ou entrega sobre material audiovisual visto na clase. - Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial (a partir do 13 de marzo de 2020), tanto de ampliación da materia de Xeografía e Historia -avance na programación, con temas novos- como aquelas relacionadas co repaso e/ou recuperación da materia impartida.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libro da profesora onde se tomaron as notas convenientes acerca do traballo diario ata o 13 de marzo de 2020. - Exames e controis periódicos, relacionados coa materia impartida, avaliados a través das súas correspondentes rúbricas de corrección, dos que se anotaron os resultados obtidos e a súa evolución individual e de grupo. - Resultados dos traballos individuais e grupais propostos durante a 2ª avaliación. - Audios das exposicións na clase feitas polas alumnas e alumnos, puntuadas a través de rúbricas. - Aula virtual do instituto. - Correo electrónico co dominio do instituto. - <i>Feedback</i> das tarefas ou probas propostas a través da plataforma Google Classroom.
Cualificación final	<p>A cualificación final obterase, para as alumnas e alumnos coa 1ª e a 2ª avaliación aprobadas (isto é, cun resultado numérico de 5 ou >5) do seguinte xeito: nota media de ambas as recuperacións que será redondeada á alza en positivo para aquelas persoas cun 50 % ou menos das actividades propostas dende o 13 de marzo de 2020 entregadas; a cualificación poderá ser de ata un punto superior ó resultado obtido só pola media con máis do 50 % das tarefas propostas entregadas.</p> <p><u>Exemplo:</u> unha rapaza ten un 6 na 1ª avaliación e un 5 na 2ª. A súa cualificación será dun 5 (nota media calculada á baixa) se non entregou apenas actividades durante o confinamento, será dun 6 se entregou ata a metade desas actividades (nota media calculada á alza), ou un 7 se entregou máis do 50 % das actividades propostas (nota media calculada á alza máis un punto).</p> <p>Para aquelas alumnas e alumnos con algunha avaliación pendente (ben a 1ª, ben a 2ª), propoñeráselle un traballo de recuperación desa parte. Con respecto a ese traballo de recuperación, a persoa deberá confirmar a súa recepción a través dos medios telemáticos dos que se dispón (correo electrónico ou Google Classroom), e contará cunha data de entrega concreta. Recibirá o apoio necesario por parte da profesora no caso de que lle xurdan dúbidas durante a súa elaboración a través dos citados medios e tamén de videoconferencia, ferramenta prestada por Meet</p>

dentro da plataforma de ensino de Google Classroom. Estas alumnas e alumnos recibirán indicación de que se centren na elaboración deste material de recuperación, e poderán obviar as posibles actividades propostas relacionadas con materia nova impartida tras a data de recepción dese traballo de recuperación. Este traballo de recuperación supoñerá a posibilidade de aprobar a materia sempre que se entregue no prazo acordado e ben elaborado (a súa cualificación estará baseada nunha rúbrica de corrección). Se a alumna ou alumno recupera esa avaliación, a súa cualificación final será a media de ambos trimestres (a xa aprobada con anterioridade e a recuperada a través do traballo cualificado do 1 ó 10). Se ademais consegue manter certo contacto co material novo, entregando parte ou o total das tarefas propostas para as súas compañeiras e compañeiros relativas a materia impartida dende o 13 de marzo, poderá acadar ata un punto máis do resultante desa media. Se a alumna ou alumno non entrega o traballo de recuperación, ou a súa cualificación é <5, procederase a realizar a media das dúas avaliacións e o resultado determinará a súa nota final do curso.

Exemplo: unha alumna ten un 6 na 1ª avaliación e un 3 na segunda. O seu traballo de recuperación centrarase nos contidos da 2ª avaliación.

Entrégao na data fixada e cualifícase cun 5. A súa cualificación final será de 5 (media calculada á baixa) se non entrega nada máis, ou de 6 ou 7 (media calculada á alza ou media calculada á alza máis un punto) se consegue manter o ritmo de entrega do resto de tarefas. Na mesma casuística de partida, esa alumna suspende o traballo de recuperación cun 2: a súa cualificación final será a media da avaliación aprobada e desa cualificación do traballo de recuperación ($6+2=8$; media: 4).

Para aquelas **alumnas e alumnos coas dúas avaliacións suspensas**, propoñeráselle un traballo de recuperación máis amplo, con contidos baseados nos contidos impartidos e nos criterios e estándares de aprendizaxe fixados nesta modificación. Con respecto a ese traballo de recuperación, a persoa deberá confirmar a súa recepción a través dos medios telemáticos dos que se dispón (correo electrónico ou Google Classroom), e contará cunha data de entrega concreta. Recibirá o apoio necesario por parte da profesora no caso de que lle xurdan dúbidas durante a súa elaboración a través dos citados medios e tamén de videoconferencia, ferramenta prestada por Meet dentro da plataforma de ensino de Google Classroom. Estas alumnas e alumnos recibirán indicación de que se centren na elaboración deste material de recuperación, obviando totalmente as posibles actividades propostas relacionadas con materia nova impartida tras a data de recepción dese traballo de recuperación. Este traballo de recuperación contará con dúas partes diferenciadas (1ª e 2ª avaliacións), e supoñerá a posibilidade de aprobar a materia sempre que se entregue no prazo acordado e ben elaborado (a súa cualificación estará baseada nunha rúbrica de corrección). Se a alumna ou alumno obtén nese traballo de recuperación, cualificado do 1 ó 10, unha nota igual ou superior ó 5 (resultado da media das dúas partes dese traballo [e non se tomará en consideración para a media unha cualificación parcial inferior a 3]), considerarase que ten a materia aprobada. Se a alumna ou alumno non entrega o traballo de recuperación, ou a súa cualificación é <5, as cualificacións por avaliación coas que xa se contaba serán obxecto de media na cualificación final do

	<p>curso, ou serán o resultado acadado no traballo de recuperación, se foi entregado.</p> <p><u>Exemplo:</u> unha alumna ten un 3 na 1ª avaliación e un 4 na 2ª.</p> <p>Posibilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non entrega o traballo. A súa cualificación final será de 3 (media calculada á baixa de 3+4, notas que xa existían). - Entrega o traballo, pero na parte correspondente á 1ª avaliación ten un 2 e na da 2ª avaliación ten un 7. Non se considera que estea recuperada, pois a 1ª parte non entraría no cálculo da cualificación do traballo por ser inferior a 3. A súa cualificación final será de 3 ($7 \div 2$, á baixa). - Entrega o traballo, ten un 4 na primeira parte e un 7 na segunda parte. O traballo será cualificado cun 5 ($7+4 \div 2$, media calculada á baixa das dúas partes) e polo tanto ten a materia aprobada cun 5 na avaliación final.
Proba extraordinaria de setembro	Na proba extraordinaria de setembro, os contidos reduciranse a aqueles impartidos na aula con anterioridade ao 13 de marzo de 2020, cuxos criterios e estándares se recollen nesta programación.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p><u>Actividades de recuperación:</u> boletín de exercicios estruturados por contidos impartidos na 1ª ou 2ª avalacións, relacionados cos criterios e estándares recollidos neste documento de modificación da programación didáctica. Gran parte deles extraírense de exames realizados na aula, exercicios propostos na clase ó longo do curso e material de apoio de diversas editoriais.</p> <p><u>Actividades de repaso:</u> propostas a través da aula virtual do instituto, do correo electrónico ou da plataforma Google Classroom ata mediados de abril de 2020. Isto supón que durante o 1º mes sen aulas presenciais as actividades e tarefas propostas se centraron no reforzo dos contidos impartidos ata o 13 de marzo de 2020.</p> <p><u>Actividades de reforzo:</u> á demanda do alumnado interesado nel, algunhas das tarefas propostas a través dos medios citados no parágrafo anterior, considéranse de entrega voluntaria.</p> <p><u>Actividades de ampliación:</u> baseadas en podcast, vídeos, apuntes e outro material que a profesora teña en consideración, impleméntanse na Google Classroom dende mediados do mes de marzo de 2020, para tratar os contidos vinculados ó tema do urbanismo e de Historia da Idade Moderna; en concreto, e por consideralos temas imprescindibles para a adecuada formación educativa das alumnas e alumnos, propoñeráselles traballo vinculado cos seguintes temas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O descubrimento de América, o humanismo e o renacemento. - A Reforma e a Contrarreforma. - España e Europa na Idade Moderna. - A arte do Renacemento e o Barroco. <p>Adáptanse as metodoloxías e redúcese o grao de consecución dos obxectivos fixado na programación didáctica creada a principio de curso; o obxectivo é aportarlles un coñecemento básico acerca destes temas a través dun sistema de autoaprendizaxe mediante recursos axeitados ás circunstancias de confinamento das alumnas e alumnos e da profesora. Considérase insubstituíble a didáctica habitual de clases presenciais para a impartición de determinadas cuestións, que serán obviadas (traballos en grupo, por exemplo) e adáptanse buscando que a alumna ou alumno poida realizar pequenas buscas a través da rede, aproveitar o material audiovisual dispoñible ou lendo artigos de prensa e revistas ó respecto. O método de aula maxistral vese limitado á achega de material gravado pola profesora e posto a disposición do alumnado, tendo en conta a case total ausencia de <i>feedback</i> ou de detección de dúbidas de xeito instantáneo pola situación na que nos atopamos.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>Lévase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Entendemos que, tras a Semana Santa, estas necesidades están cubertas.</p>

	<p>Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación se centran nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo, aula virtual da páxina web do centro e Google Classroom.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apuntes elaborados pola profesora. - Audios e vídeos elaborados pola profesora. - Material audiovisual adaptado ó nivel educativo dispoñible na rede de xeito gratuíto (nunca baixo subscripción). - Artigos de prensa e revistas axeitados ó nivel educativo. - Actividades e tarefas relacionados cos apuntes, vídeos e material escrito citados anteriormente, elaborados pola profesora e de dúas índoles: traballo de obrigada entrega e traballo voluntario de ampliación/reforzo. - Boletín de recuperación para o alumnado con avaliación(s) pendente(s), elaborado a partir de exames realizados na aula, exercicios propostos na clase ó longo do curso e material de apoio de diversas editoriais. - Videoconferencias a través da plataforma Meet, para a resolución de dúbidas.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O contacto coas alumnas e alumnos realízase, preferentemente, a través do correo electrónico, a aula virtual e a plataforma Google Classroom. O contacto coas familias lévase a cabo a través do teléfono, mediante chamadas, e AbalarMóbil. Tamén existe unha coordinación coas profesoras e profesores que exercen a titoría dos grupos para o control do traballo do alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

5. Atención a alumnas e alumnos con necesidades especiais de aprendizaxe e/ou con adaptacións curriculares significativas (ACI).
Os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, a avaliación e cualificación, a metodoloxía e as actividades propostas de todo tipo (recuperación, ampliación, reforzo) serán adaptadas convenientemente para os alumnos do nivel aos que se lles realizou unha ACI ao longo do curso. Esta adaptación será levada a cabo en cooperación co Departamento de Orientación e coa axuda da pedagoga terapeuta do centro.

CENTRO: IES DA POBRA DO CARAMIÑAL
CURSO: 4º ESO
MATERIA: HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 5/5/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.
B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.	XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empirismo e o método científico nunha variedade de áreas.
B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.
B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.
B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e en España.
B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.
B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.
B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais	XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a

	globalización.
B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.	XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.
B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

2. Avaliación e cualificación

Os aspectos tratados a continuación adáptanse á circunstancia de baixa médica da profesora titular da materia. A toma de decisións e actuacións realízase dende o departamento con respecto aos procedementos e criterios de avaliación e cualificación, tendo como base os principios de flexibilidade, xustiza, equilibrio, equidade e mesura. Tanto os procedementos como os instrumentos de avaliación, e o sistema de cualificación, lévanse a cabo sempre interpretados dun xeito beneficioso para as alumnas e alumnos.

Avaliación

■ Trabállase, por un lado, con aquel alumnado que consideramos aprobado. Entre el, atópanse aquelas persoas que teñen un 5 ou nota superior a 5 tanto na 1ª coma na 2ª avaliación. Tamén entran neste grupo as alumnas e alumnos nos que a media aritmética desas dúas avaliacións éles favorable, aínda cunha avaliación suspensa sempre que sexa cun 4 e non con notas inferiores a ese 4. Ademais, e considerando a progresión e un proceso de avaliación continua, aquelas persoas que tras suspender a 1ª avaliación aprobasen a segunda, tamén se considerará que adquiriron os coñecementos mínimos para superar a materia. Para este alumnado, os procedementos de avaliación basearanse en:

- Observación sistemática do traballo das alumnas e alumnos a través da plataforma Google Classroom.

- Control e análise das actividades propostas durante o período lectivo non presencial (a partir do 13 de marzo de 2020), tanto de ampliación da materia de Xeografía e Historia -avance na programación, con temas novos- como aquelas relacionadas co repaso e/ou reforzo da materia impartida. Por un lado, teranse en conta os propostos pola profesora titular antes da súa baixa (fundamentalmente repaso e reforzo de materia impartida na aula ata o día 13 de marzo); por outro lado, aquelas actividades deseñadas pola profesora substituta, membro do departamento de Xeografía e Historia, Ángela Caldas Hernández (actividades para a ampliación de materia).

■ Trabállase, por outro lado, con aquel alumnado que consideramos suspenso: son as persoas cunha cualificación inferior a 3 nalgunha ou nas dúas avaliacións pasadas (excepto os casos citados no apartado anterior). Para estas alumnas e alumnos, deséñase un programa de recuperación que inclúe exercicios específicos sobre os contidos mínimos esixibles con base na materia impartida ata o 13 de marzo de 2020. Así, para este alumnado, os procedementos de avaliación basearanse en:

- Observación sistemática do traballo das alumnas e alumnos a través da plataforma Google Classroom, na que se lles ofrece a oportunidade de estar en contacto coa profesora substituta para a resolución de dúbidas sobre o material de traballo.

- Control e análise das actividades propostas durante o período lectivo non presencial (a partir do 13 de marzo de 2020), obviando o material de ampliación e centrándonos no proceso de recuperación. Por un lado, teranse en conta os propostos pola profesora titular antes da súa baixa: son actividades de repaso e/ou reforzo da materia impartida ultimamente na aula, non examinada pero si dáda (trátase de 3 exercicios concretos e unha lectura xa programada dende inicio de curso); por outro lado, aquelas actividades deseñadas pola profesora substituta, membro do departamento de Xeografía e Historia, Ángela Caldas Hernández

	<p>(actividades para a recuperación da materia, estruturada por avaliacións). Tanto para as alumnas e alumnos aprobados, como para aqueles que deban recuperar algunha avaliación, establécense uns prazos de entrega razoables (modificando, en beneficio do alumnado, algúns dos prazos establecidos pola profesora titular). A profesora substituta manterá o contacto periodicamente con todas as alumnas e alumnos e cos seus titores para garantir que todas e todos teñan acceso ó material proposto e poidan desenvolver as actividades propostas da mellor maneira posible; este contacto realízase, preferentemente, a través do correo electrónico e da ferramenta Google Classroom e Meet (para as videoconferencias).</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resultados obxectivos dos boletíns de notas da 1ª e 2ª avaliación, cualificados pola profesora titular no seu momento. - Anotacións con respecto ao control do traballo durante as primeiras semanas de confinamento realizadas pola profesora titular e facilitadas ó departamento. - Exercicios propostos pola profesora titular e entregados <i>a posteriori</i> á profesora substituta. - Traballo sobre o libro de lectura <i>Memoria do silencio</i>. - Exercicios sobre nova materia incluídos na plataforma Google Classroom (só para aquel alumnado considerado “aprobado”), e comunicados por medio do correo electrónico ás interesadas e interesados. - Boletín de exercicios de recuperación de avaliacións pendentes, dispoñible na Google Classroom e comunicado tamén a través do correo electrónico para aquelas persoas con parte ou toda a materia suspensa (con “acuse de recibo” para garantir a correcta recepción).
<p>Cualificación final</p>	<p>A cualificación final obterase, para as alumnas e alumnos coa 1ª e a 2ª avaliación aprobadas (isto é, cun resultado numérico de 5 ou >5) do seguinte xeito: nota media de ambas as recuperacións que será redondeada á alza en positivo para aquelas persoas cun 50 % ou menos das actividades propostas dende o 13 de marzo de 2020 entregadas; a cualificación poderá ser de ata un punto superior ó resultado obtido só pola media con máis do 50 % das tarefas propostas entregadas.</p> <p><u>Exemplo:</u> unha rapaza ten un 6 na 1ª avaliación e un 5 na 2ª. A súa cualificación será dun 5 (nota media calculada á baixa) se non entregou apenas actividades durante o confinamento, será dun 6 se entregou ata a metade desas actividades (nota media calculada á alza), ou un 7 se entregou máis do 50 % das actividades propostas (nota media calculada á alza máis un punto).</p> <p>Para aquelas alumnas e alumnos con algunha avaliación pendente (ben a 1ª, ben a 2ª), propoñeráselle un traballo de recuperación desa parte. Con respecto a ese traballo de recuperación, a persoa deberá confirmar a súa recepción a través dos medios telemáticos dos que se dispón (correo electrónico ou Google Classroom), e contará cunha data de entrega concreta. Recibirá o apoio necesario por parte da profesora no caso de que lle xurdan dúbidas durante a súa elaboración a través dos citados medios e tamén de videoconferencia, ferramenta prestada por Meet dentro da plataforma de ensino de Google Classroom. Estas alumnas e alumnos recibirán indicación de que se centren na elaboración deste</p>

material de recuperación, e poderán obviar as posibles actividades propostas relacionadas con materia nova impartida tras a data de recepción dese traballo de recuperación. Isto implica que tamén deberán entregar os exercicios propostos pola profesora titular da materia de repaso e reforzo da materia impartida pero non examinada, así como do libro *Memoria do silencio*. Este traballo de recuperación supoñerá a posibilidade de aprobar a materia sempre que se entregue no prazo acordado e ben elaborado (a súa cualificación estará baseada nunha rúbrica de corrección). Se a alumna ou alumno recupera esa avaliación, a súa cualificación final será a media de ambos trimestres (a xa aprobada con anterioridade e a recuperada a través do traballo cualificado do 1 ó 10). Se ademais consegue manter certo contacto co material novo, entregando parte ou o total das tarefas propostas para as súas compañeiras e compañeiros relativas a materia impartida dende o 13 de marzo, poderá acadar ata un punto máis do resultante desa media. Se a alumna ou alumno non entrega o traballo de recuperación, ou a súa cualificación é <5, procederase a realizar a media das dúas avaliacións e o resultado determinará a súa nota final do curso.

Exemplo: unha alumna ten un 6 na 1ª avaliación e un 3 na segunda. O seu traballo de recuperación centrarase nos contidos da 2ª avaliación. Entrégao na data fixada e cualifícase cun 5. A súa cualificación final será de 5 (media calculada á baixa) se non entrega nada máis, ou de 6 ou 7 (media calculada á alza ou media calculada á alza máis un punto) se consegue manter certo ritmo de entrega do resto de tarefas. Na mesma casuística de partida, esa alumna suspende o traballo de recuperación cun 2: a súa cualificación final será a media da avaliación aprobada e desa cualificación do traballo de recuperación ($6+2=8$; media: 4).

Para aquelas **alumnas e alumnos coas dúas avaliacións suspensas**, propoñeráselle un traballo de recuperación máis amplo, con contidos baseados nos contidos impartidos e nos criterios e estándares de aprendizaxe fixados nesta modificación. Con respecto a ese traballo de recuperación, a persoa deberá confirmar a súa recepción a través dos medios telemáticos dos que se dispón (correo electrónico ou Google Classroom), e contará cunha data de entrega concreta. Recibirá o apoio necesario por parte da profesora no caso de que lle xurdan dúbidas durante a súa elaboración a través dos citados medios e tamén de videoconferencia, ferramenta prestada por Meet dentro da plataforma de ensino de Google Classroom. Estas alumnas e alumnos recibirán indicación de que se centren na elaboración deste material de recuperación, obviando totalmente as posibles actividades propostas relacionadas con materia nova impartida tras a data de recepción dese traballo de recuperación. Tamén deberán entregar os exercicios propostos pola profesora titular da materia de repaso e reforzo da materia impartida pero non examinada, así como do libro *Memoria do silencio*. Este traballo de recuperación contará con dúas partes diferenciadas (1ª e 2ª avaliacións), e supoñerá a posibilidade de aprobar a materia sempre que se entregue no prazo acordado e ben elaborado (a súa cualificación estará baseada nunha rúbrica de corrección). Se a alumna ou alumno obtén nese traballo de recuperación, cualificado do 1 ó 10, unha nota igual ou superior ó 5 (resultado da media das dúas partes dese traballo [e non se tomará en consideración para a media unha

	<p>cualificación parcial inferior a 3)), considerarase que ten a materia aprobada. Se a alumna ou alumno non entrega o traballo de recuperación, ou a súa cualificación é <5, as cualificacións por avaliación coas que xa se contaba serán obxecto de media na cualificación final do curso, ou serán o resultado acadado no traballo de recuperación, se foi entregado.</p> <p><u>Exemplo:</u> unha alumna ten un 3 na 1ª avaliación e un 4 na 2ª.</p> <p>Posibilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non entrega o traballo. A súa cualificación final será de 3 (media calculada á baixa de 3+4, notas que xa existían). - Entrega o traballo, pero na parte correspondente á 1ª avaliación ten un 2 e na da 2ª avaliación ten un 7. Non se considera que estea recuperada, pois a 1ª parte non entraría no cálculo da cualificación do traballo por ser inferior a 3. A súa cualificación final será de 3 ($7 \div 2$, á baixa). - Entrega o traballo, ten un 4 na primeira parte e un 7 na segunda parte. O traballo será cualificado cun 5 ($7+4 \div 2$, media calculada á baixa das dúas partes) e polo tanto ten a materia aprobada cun 5 na avaliación final.
Proba extraordinaria de setembro	Na proba extraordinaria de setembro, os contidos reduciranse a aqueles impartidos na aula con anterioridade ao 13 de marzo de 2020, cuxos criterios e estándares se recollen nesta programación.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p><u>Actividades de recuperación:</u> boletín de exercicios estruturados por contidos impartidos na 1ª ou 2ª avalacións, relacionados cos criterios e estándares recollidos neste documento de modificación da programación didáctica. Tamén exercicios propostos pola profesora titular da materia de repaso e reforzo da materia impartida pero non examinada, así como un traballo do libro <i>Memoria do silencio</i>.</p> <p><u>Actividades de repaso e reforzo:</u> propostas a través da aula virtual do instituto, do correo electrónico ou da plataforma Google Classroom ata finais de marzo de 2020. Isto supón que durante a 1ª quincena sen aulas presenciais as actividades e tarefas propostas foron deseñadas pola profesora titular e centráronse no reforzo dos contidos impartidos ata o 13 de marzo de 2020.</p> <p><u>Actividades de ampliación:</u> baseadas en podcast, vídeos, apuntes e outro material que a profesora substituta teña en consideración, impleméntanse na Google Classroom dende principios do mes de maio de 2020, para tratar os contidos fundamentais pendentes: guerras mundiais, revolución rusa, evolución política española. Adáptanse as metodoloxías e redúcese o grao de consecución dos obxectivos fixado na programación didáctica creada a principio de curso; o obxectivo é aportarlles un coñecemento básico acerca destes temas a través dun sistema de autoaprendizaxe mediante recursos axeitados ás circunstancias de confinamento das alumnas e alumnos e da profesora. Considérase insubstituíble a didáctica habitual de clases presenciais para a impartición de determinadas cuestións, e adáptanse buscando que a alumna ou alumno poida realizar pequenas buscas a través da rede, aproveitar o material audiovisual dispoñible ou lendo artigos de prensa e revistas ó respecto. Debemos ter en conta que o alumnado de 4º da ESO que titule remata a súa etapa educativa obrigatoria, polo que certas unidades didácticas da materia de Historia que quedaron interrompidas a causa da suspensión das clases nunca serían dadas. Moitas delas son imprescindibles de cara á comprensión xeral do funcionamento actual do mundo en canto a política, economía e sociedade. De aí a proposta de manter certa dinámica de clase co conxunto do alumnado.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Lévase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Entendemos que, tras a Semana Santa, estas necesidades están cubertas.</p> <p>Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación se centran nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo e Google Classroom.</p>

Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Apuntes elaborados pola profesora. - Audios e vídeos elaborados pola profesora. - Material audiovisual adaptado ó nivel educativo dispoñible na rede de xeito gratuíto (nunca baixo subscripción). - Artigos de prensa e revistas axeitados ó nivel educativo. - Actividades e tarefas relacionados cos apuntes, vídeos e material escrito citados anteriormente, elaborados pola profesora e de dúas índoles: traballo de obrigada entrega e traballo voluntario de ampliación/reforzo (segundo a circunstancia da alumna/o particular). - Boletín de recuperación para o alumnado con avaliación(s) pendente(s), elaborado a partir dos contidos impartidos na clase ó longo do curso e material de apoio de diversas editoriais. - Videoconferencias a través da plataforma Meet, para a resolución de dúbidas.
-----------------------------	--

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto coas alumnas e alumnos realízase, preferentemente, a través do correo electrónico, a aula virtual e a plataforma Google Classroom.</p> <p>O contacto coas familias lévase a cabo a través do teléfono, mediante chamadas, e AbalarMóbil. Tamén existe unha coordinación coas profesoras e profesores que exercen a titoría dos grupos para o control do traballo do alumnado.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

CENTRO: IES DA POBRA DO CARAMIÑAL
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 5/5/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.
B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade. HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.
B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.
B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.	HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX. HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.
B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.
B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.	HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.
B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.	HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial. HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.
B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.	HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais. HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas. HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.
B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.	HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade

	<p>industrial británica.</p> <p>HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.</p> <p>HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.</p>
B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.
B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.	<p>HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.</p> <p>HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.</p>
B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.	HMCB3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.
B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.	HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.
B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.	<p>HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.</p> <p>HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.</p>
B3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias.	HMCB3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.
B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.	HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaaas coas súas consecuencias.
B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.	HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.
B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.	HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.
B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores.	HMCB4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.
B4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.	<p>HMCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.</p> <p>HMCB4.2.4. Identifica e explica razoadamente os</p>

	feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.
B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.	HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX. HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas. HMCB4.3.3. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada.	HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.
B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.	HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial. HMCB4.5.2. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial. HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da G HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial. Guerra a partir de mapas históricos.
B5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.	HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.
B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.	HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917. HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.
B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.	HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo. HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.
B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá.	HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión. HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.
B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán. HMCB5.5.2. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.
B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.	HMCB5.5.3. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.
B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.	HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.
B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.	HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico. HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.
B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como	HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra

elemento de transformación da vida cotiá.	Mundial.
B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	HMCB5.10.1. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi. HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
B5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.	HMCB5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.
B11.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade.	HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.
B11.3. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática do traballo diario das alumnas e alumnos. - Realización de probas obxectivas. - Proposta de traballos individuais de investigación sobre diversos temas, entregados en formato escrito ou presentados ante as compañeiras e compañeiros na aula. - Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial (a partir do 13 de marzo de 2020), tanto de ampliación da materia de Xeografía e Historia -avance na programación, con temas novos- como aquelas relacionadas co repaso da materia impartida. - Control das actividades de lectura e videado de películas proposto a principio de curso.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libro da profesora onde se tomaron as notas convenientes acerca do traballo diario ata o 13 de marzo de 2020. - Exames e controis periódicos, relacionados coa materia impartida, avaliados a través das súas correspondentes rúbricas de corrección, dos que se anotaron os resultados obtidos e a súa evolución individual e de grupo. Tamén se conta cos resultados dos exames de recuperación da 1ª avaliación, realizados no mes de xaneiro. - Anotacións con respecto aos traballos individuais de investigación propostos. - Audios das exposicións na clase feitas polas alumnas e alumnos, puntuadas a través de rúbricas. - Traballos entregados por calquera medio sobre os traballos de lectura e de videado de películas proposto a principio de curso (entrega voluntaria). - Aula virtual do instituto. - Correo electrónico co dominio do instituto. - <i>Feedback</i> das tarefas ou probas propostas a través da plataforma Google Classroom.
Cualificación final	<p>A cualificación final obterase, para as alumnas e alumnos coa 1ª e a 2ª avaliación aprobadas (isto é, cun resultado numérico de 5 ou >5) do seguinte xeito: nota media de ambas as recuperacións que será redondeada á alza en positivo para aquelas persoas cun 50 % ou menos das actividades propostas dende o 13 de marzo de 2020 entregadas; a cualificación poderá ser de ata un punto superior ó resultado obtido só pola media con máis do 50 % das tarefas propostas entregadas. Ademais, e tal e como se establecía na programación de inicio de curso, as alumnas e alumnos dispoñen dunha lista de libros e películas dos que poderán facer recensións (un libro e unha película) e entregalas ata final de curso. Este traballo pode supoñer un punto máis na cualificación final. Non hai alumnado con avaliacións pendentes, polo que non se contemplan os criterios de cualificación final nese sentido.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Na proba extraordinaria de setembro, os contidos reduciranse a aqueles impartidos na aula con anterioridade ao 13 de marzo de 2020, cuxos criterios e estándares se recollen nesta programación.</p>

Avaliación de materia pendientes	Criterios de evaluación:
	Criterios de calificación:
	Procedimientos e instrumentos de evaluación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p><u>Actividades de recuperación</u>: non se contemplan por non ter alumnado con avaliacións pendentes.</p> <p><u>Actividades de repaso</u>: propostas a través da aula virtual do instituto, do correo electrónico ou da plataforma Google Classroom ata mediados de abril de 2020. Isto supón que durante o 1º mes sen aulas presenciais as actividades e tarefas propostas se centraron no reforzo dos contidos impartidos ata o 13 de marzo de 2020, especialmente deseñados para rematar o tema das consecuencias da Segunda Guerra Mundial, aspecto que quedou pendente e deixou a unidade didáctica sen rematar e sen examinar.</p> <p><u>Actividades de reforzo</u>: á demanda do alumnado interesado nel, algunhas das tarefas propostas a través dos medios citados no parágrafo anterior, considéranse de entrega voluntaria.</p> <p><u>Actividades de ampliación</u>: baseadas en podcast, vídeos, apuntes e outro material que a profesora teña en consideración, impleméntanse na Google Classroom dende mediados do mes de marzo de 2020, para tratar os contidos pendentes (consecuencias da Segunda Guerra Mundial e Guerra Fría). Adáptanse as metodoloxías e redúcese o grao de consecución dos obxectivos fixado na programación didáctica creada a principio de curso; o obxectivo é aportarlles un coñecemento básico acerca destes temas a través dun sistema de autoaprendizaxe mediante recursos axeitados ás circunstancias de confinamento das alumnas e alumnos e da profesora. Considérase insubstituíble a didáctica habitual de clases presenciais para a impartición de determinadas cuestións, que serán obviadas (traballos en grupo, enfocados ao Plan Proxecta no que estaba inmerso o instituto) e adáptanse buscando que a alumna ou alumno poida realizar pequenas buscas a través da rede, aproveitar o material audiovisual dispoñible ou lendo artigos de prensa e revistas ó respecto. O método de aula maxistral vese limitado á achega de material gravado pola profesora e posto a disposición do alumnado, tendo en conta a case total ausencia de <i>feedback</i> ou de detección de dúbidas de xeito instantáneo pola situación na que nos atopamos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Lévase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Entendemos que, tras a Semana Santa, estas necesidades están cubertas.</p> <p>Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación se centran nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo, aula virtual da páxina web do centro e Google Classroom.</p>
Materiais e recursos	- Apuntes elaborados pola profesora.

- | | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">- Audios e vídeos elaborados pola profesora.- Material audiovisual adaptado ó nivel educativo dispoñible na rede de xeito gratuíto (nunca baixo subscripción).- Artigos de prensa e revistas axeitados ó nivel educativo.- Actividades e tarefas relacionados cos apuntes, vídeos e material escrito citados anteriormente, elaborados pola profesora e de dúas índoles: traballo de obrigada entrega e traballo voluntario de ampliación/reforzo.- Videoconferencias a través da plataforma Meet, para a resolución de dúbidas. |
|--|--|

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto coas alumnas e alumnos realízase, preferentemente, a través do correo electrónico, a aula virtual e a plataforma Google Classroom.</p> <p>O contacto coas familias lévase a cabo a través do teléfono, mediante chamadas, e AbalarMóbil. Tamén existe unha coordinación coas profesoras e profesores que exercen a titoría dos grupos para o control do traballo do alumnado.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.